

Bases da Convocatoria Selectiva para Cubrir por Sistema de Concurso e Mediante Contrato de Duración Determinada, Dous (2) Postos de Traballo de Técnico Superior de Sistemas (Ref: 2TS-TM-sis-09)

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, é unha Fundación de carácter público, dependente da Consellería de Innovación e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

1. Obxecto da convocatoria

O *Ministerio de Ciencia e Innovación (MICINN)* en Resolución do 26 de decembro do 2008, da Secretaría de Estado de Universidades, fai pública a convocatoria correspondente ao ano 2009 de concesión de axudas do "*Programa Nacional de Contratación e Incorporación de Recursos Humanos de Investigación, en el marco del Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación 2008-2011*" (BOE Núm. 4 Luns 5 de xaneiro de 2009).

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) ten previsto presentarse á convocatoria, arriba citada, dentro do *Subprograma de Personal Técnico de Apoyo (MICINN-PTA)*, polo que precisa seleccionar e propor candidatos para os postos que se solicitan.

A contratación para estes postos de traballo queda condicionada á concesión da axuda polo Ministerio de Ciencia e Innovación e á aprobación preceptiva da Xunta.

As condicións dos postos, aparecen na resolución do Ministerio de Ciencia e Innovación antes citada resumíndose nas seguintes:

- 1.- Fecha prevista de incorporación: setembro 2009 (condicionada á Resolución positiva da solicitude da axuda).
- 2.- Contrato laboral temporal (duración aproximada: 36 meses)
- 3.- Salario bruto: 23.625 euros anuais
- 4.- Lugar de traballo: Santiago de Compostela.

A denominación dos postos é a seguinte:

2 TÉCNICOS SUPERIORES de SISTEMAS (Ref: 2TS-TM-sis-09)

As funcións para estes postos son as necesarias para a posta en funcionamento do novo servizo de arquivado e tratamento masivo da información dos supercomputadores. Para iso levaranse a cabo as seguintes accións:

- Soporte técnico dos servidores de supercomputación e almacenamento.

- Operación dos sistemas.
- Determinación de problemas, seguemento e resolución.
- Mantemento do rexistro de incidencias. Mantemento dos sistemas.
- Soporte a usuarios relativo á execución das súas aplicacións na supercomputación e o arquivado e procesado de información.
- Mantemento e análise das estatísticas de uso da supercomputación e do almacenamento.
- Mantemento e seguemento dos servizos de monitorización dos sistemas.
- Desenvolvemento de ferramentas de monitorización e análise de incidencias.
- Participación en proxectos de I+D+i da área de supercomputación e almacenamento.
- Presentacións en conferencias e congresos nacionais e internacionais.

2. Réxime xurídico da contratación

Contrato laboral temporal por obra ou servizo, de acordo co que establece o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo.

3. Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal limitada á duración dos traballos para os que se contrata ao traballador no proxecto indicado ao comezo das Bases, estimándose un período aproximado de trinta e seis (36) meses.

4. Requisitos

- 1) Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou dalgún Estado, que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade os cónxuxes dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, atópanse en España en

situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- 2) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- 3) Posuír e acreditar algún TÍTULO de entre os seguintes:
 - a. *Licenciado en Física*
 - b. *Licenciado en Matemáticas*
 - c. *Licenciado en Química*
 - d. *Enxeñeiro Superior Informático*
 - e. *ou Titulación superior equivalente de áreas técnicas.*

ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

- 4) Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.
- 5) Coñecemento de inglés a nivel alto. O coñecemento acreditarase mediante calquera dos seguintes ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres:
 - F.C.E. (First Certificate in English).
 - 3º curso da EOI.

Os aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.

- 6) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- 7) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- 8) Os nacionais doutros estados haberán de acreditar de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso ao emprego público.
- 9) Non estar disfrutando, na data da publicación no BOE da Resolución de 26 de decembro do Ministerio de Ciencia e Innovación da Convocatoria para o ano 2009 (BOE do Luns 5 de xaneiro de 2009), dun contrato cofinanciado polas axudas concedidas a cargo do mesmo programa en convocatorias anteriores.
- 10) Non ter intención de se presentar a esta mesma convocatoria por outra institución.

5. Documentación a presentar obrigatoriamente

- 1) Solicitude dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo I).
- 2) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte.
- 3) Currículum vitae (CV) no formato normalizado que aparece na páxina web do MICINN, (para a solicitude de axuda para "Personal Técnico de Apoyo") na convocatoria para o ano 2009 de concesión de axudas do "Programa Nacional de Contratación e Incorporación de Recursos Humanos de Investigación, en el marco del Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación 2008-2011". Farase constar no mesmo CV, a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- 4) Fotocopia do título esixido no punto 4.3 das bases ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- 5) Certificación académica referida á titulación esixida no punto 4.3 das bases desta convocatoria.
- 6) Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na Fundación, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no Anexo I). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto ou non apto.
- 7) Fotocopia simple da xustificación do coñecemento de inglés. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- 8) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos alegados no CV. A xustificación da formación práctica se farán presentando fotocopia simples dos contratos laborais ou bolsas e certificado de vida laboral. Os méritos alegados no currículum non xustificados documentalmente non serán tidos en conta.
- 9) Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concurren as circunstancias previstas na base 1.1.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar nas dependencias da Fundación CESGA, unha vez concedidas as axudas polo MICINN e para a contratación dos técnicos, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido no punto 4.3 das bases ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación.
- d) Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO, se é o caso.
- e) Copia comparada da titulación de inglés se é o caso.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria, xuntando a documentación relacionada no punto 5 destas bases.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur), 15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico á dirección emprego@cesga.es. Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite.

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 (dez)** días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.

A dirección que figure nas instancias considerárase como a única válida para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose un prazo de 3 días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable, tras os cales se publicarán as listas definitivas de admitidos e excluídos.

Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios, no Edificio da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es na sección de emprego.

7. Proceso de selección

A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II).

O proceso de selección consistirá:

1. Nun concurso de méritos acreditados por cada candidato, ata unha puntuación máxima de 42 puntos e conforme ao BAREMO do Anexo III.
2. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe da puntuación de todos os aspirantes establecéndose un prazo de 3 días naturais para alegacións por parte dos candidatos para presentar reclamacións que xulguen oportunas.
3. Realizarán a entrevista, os 5 primeiros candidatos que conseguiran a mellor puntuación na Valoración de Méritos (Anexo III) e que cumpran con todos os requisitos para este posto. A lista de candidatos seleccionados para acudir á entrevista persoal serán publicados no taboleiro e na páxina web da Fundación indicando a data, hora e lugar da mesma e notificáreselle aos mesmos, ben por correo electrónico ou por teléfono. Os candidatos propostos para a entrevista que non acrediten o coñecemento do galego e/ou inglés serán convocados ademais a unha/s proba/s consistente/s na tradución de galego a castelán dun texto técnico da área cuxa valoración será APTO ou NON APTO e na redacción dun informe técnico da área en inglés, cuxa valoración será APTO ou NON APTO. Cada unha das probas

terá una duración de treinta (30) minutos.

4. A entrevista que non superará os quince minutos, terá unha valoración máxima de 2 puntos e versará sobre:

- Perfil do candidato
- Complementos do curriculum vitae
- Idoneidade do candidato para o posto
- Disponibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nesta categoría profesional, no caso de empate entre dous ou máis candidatos, será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 37.1 da lei 7/2004 de Galicia e, de persistir o empate, prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2008 (DOG do 5 de febreiro).

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de tres días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

8. Resolución

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), o nome das persoas seleccionadas para os postos. Os dous candidatos seleccionados asinarán un acordo de incorporación condicionado á obtención da subvención solicitada dentro do subprograma "Personal Técnico de Apoyo (MICINN-PTA)". A orde de prelación na solicitude será a mesma da orde de puntuación acadada nesta convocatoria. A incorporación aos postos queda condicionada á concesión da axuda solicitada pola Fundación CESGA no subprograma "Personal Técnico de Apoyo (MICINN-PTA)" do Ministerio de Ciencia e Innovación e á aprobación preceptiva da Xunta de Galicia. A data prevista de incorporación estimase setembro de 2009, condicionada á Resolución do Ministerio de Ciencia e Innovación. O tipo de contrato temporal será por obra ou servizo determinado e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2009



Javier García Tobío
Director-Xerente

**ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE**

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc.):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO	
Referencia anuncio:	
Data publicación anuncio:	

3.- DOCUMENTACIÓN	
Currículo Vitae: <input type="checkbox"/>	Copia DNI: <input type="checkbox"/>
Copia da Titulación: <input type="checkbox"/>	Certificado académico: <input type="checkbox"/>
Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4: <input type="checkbox"/>	
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/>	
Xustificación do coñecemento de inglés: <input type="checkbox"/>	
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/>	
Copia dos xustificantes dos méritos alegados: <input type="checkbox"/>	
Outra documentación:	

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

O abaixo asinante declara baixo xuramento que non se vai a presentar a esta mesma convocatoria por outra institución.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2009

Fdo.:

**DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA**

Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur) 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

ANEXO II

COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1.-A comisión de selección estará formada, para cada praza, por:

- a) Presidencia: Subdirector Técnico da Fundación CESGA
- b) Secretario: Administrador de Sistemas da Fundación CESGA
- c) Vogais :
 - Técnica de Comunicacions da Fundación CESGA

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Ningún membro da comisión de selección estará en posesión de titulación inferior, no seu posto, á esixida para o posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación procurará a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 36 da lei 7/2004.

2.-Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3.-Para actuar válidamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de todos os seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4.-Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur), 15705 Santiago de Compostela, A Coruña.

ANEXO III

Baremo Valoración de Méritos:

1. EXPEDIENTE ACADÉMICO NA TITULACIÓN ESIXIDA PARA O POSTO: máximo 4 puntos. As cualificacións, valoraranse utilizando a media ponderada segundo a lexislación vixente tomando como referencia o seguinte baremo:

CUALIFICACIÓNS	PUNTOS
MATRÍCULA DE HONRA	4
SOBRESAINTE	3
NOTABLE	2
APROBADO	1
SUSPENSO/NON PRESENTADO	0

2. COÑECEMENTOS DE INGLÉS: máximo 3 puntos. Acreditados e/ou certificados segundo a seguinte táboa ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres por enriba da titulación esixida:

INGLÉS	PUNTUACIÓN
C.A.E. (Certificate Advanced English)	2,5 puntos
C.P.E. (Certificate of Proficiency in English)	3,0 puntos
Ata 4º curso da EOI	2,0 puntos
Ata 5º curso da EOI	3,0 puntos

3. COÑECEMENTOS: Máximo 35 puntos segundo a distribución que a seguir indícase:

Os currículum vítae recibidos no prazo publicado na convocatoria valoraranse de acordo cos criterios que a continuación se detallan. Por formación práctica enténdese a experiencia laboral e as bolsas de formación

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Valorase:	
Formación ou experiencia práctica en administración de sistemas de almacenamento e arquivado de datos (backup, SAN, etc..). 0,3 puntos por mes ou 1 punto por curso superior a 10 horas. Acreditado mediante certificado de asistencia e temario do curso.	9,00

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
<p>Formación práctica en Administración de clusters 0,3 puntos por mes de formación. Acreditado mediante certificado de vida laboral ou certificado da institución na que recibiu a formación ou 0,1 punto por cada 10 horas curso (ata un máximo de 2 puntos por curso). Acreditado mediante certificado de asistencia e temario do curso.</p>	8,00
<p>Formación en Linux ou Unix: 0,3 puntos (por mes de formación) ou 0,1 punto por cada 10 horas curso (ata un máximo de 2 puntos por curso). Acreditado mediante certificado de asistencia e temario do curso.</p>	8,00
<p>Coñecementos de linguaxes de scripting: perl y python. 0,3 puntos por mes de formación práctica. Acreditado mediante certificado de vida laboral ou certificado da institución na que recibiu a formación. 0,1 puntos por cada 20 horas de formación teórica. Acreditado mediante certificado de asistencia e temario do curso.</p>	2,00
<p>Coñecementos de ferramentas de monitorización: 1 punto por cada curso de formación en ferramentas de monitorización. Acreditado mediante certificado de asistencia e temario do curso. 0,1 puntos por mes no caso de formación práctica. Acreditado mediante certificado de vida laboral ou certificado da institución na que recibiu a formación.</p>	4,00
<p>Formación ou participación en proxectos I+D da area: - Formación en xestión de proxectos europeos (2 puntos) - Participación en proxectos rexionais de I+D+i (2 puntos por ano) - Participación en proxectos nacionais ou europeos de I+D+i (1 punto por ano) Soamente se puntuará 1 proxecto por ano natural.</p>	4,00